e-DESTREZAS

2019/2020

Campus de Pontevedra

Programa de formación en competencias dixitais

- Matlab
- Impresión 3D
- Robótica educativa
- Scratch e Arduino
- Illustrator e Photoshop
- MemoQ
- LinkedIn

Universidade Vigo

Patrocinan

Consello Social Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA



Universidade Vigo

Programa de formación orientado ao desenvolvemento e mellora das competencias dixitais do alumnado, PDI e PAS da Universidade de Vigo.

Fundamentos e principios de cálculo científico con Matlab

Este curso pretende familiarizar ao alumnado no uso do software científico Matlab e o seu ámbito de traballo. Traballaranse, entre outros, conceptos relativos a contorna de usuario, comandos, variables, vectores, matrices, gráficos, arquivos, scripts e funcións.

- Do 3 de outubro ao 7 de novembro
- Xoves, de 16.00 a 20.00 h (24 horas)

Impresión 3D

Curso para achegarse ao apaixoante mundo da impresión 3D, desde unha perspectiva a amena e práctica.

- Do 10 de outubro ao 18 de outubro
- Xoves e venres, de 16.00 a 21.00 h (20 horas)

Robótica educativa

Curso para persoas que contan con nocións iniciais sobre robótica educativa e ten como finalidade ampliar os coñecementos e avanzar de nivel.

- Do 4 de novembro ao 12 de novembro
- Luns e martes de 16.00 a 21.00 h (20 horas)

Iniciación á programación con Scratch e Arduino

Este curso pretende achegar ao alumnado aos conceptos básicos da programación para principiantes no campo. Iniciarase ao alumno nunha linguaxe de programación sinxela e visual. Abordaranse conceptos básicos como variables, constantes, fluxo de control, etc. Tamén se aplicarán os coñecementos adquiridos na programación de Arduino.

- Do 9 de xaneiro ao 13 de febreiro
- Xoves, de 15.00 a 20.00 h (30 horas)

Fundamentos de deseño gráfico con Illustrator e Photoshop

Este curso pretende dotar ao alumnado das nocións básicas para afrontar un traballo de deseño gráfico e mostrarlle o funcionamento das principais ferramentas de debuxo vectorial (Illustrator) e tratamento de imaxe dixital (Photoshop).

- Do 20 de febreiro ao 7 de maio
- Xoves, de 16.00 a 20.00 h (40 horas)

Introdución ás ferramentas de tradución asistida por computador con MemoQ

Este curso pretende dotar ao alumnado dos fundamentos básicos do programa de tradución asistida por computador MemoQ e coñecer a súa interface, terminoloxía, proxectos e memorias de tradución.

- Do 6 de marzo ao 17 de abril
- Venres, de 09.00 a 14.00 h (30 horas)

Iniciación á creación dun perfil na rede social profesional LinkedIn

Este curso pretende que o alumnado entenda a importancia de dispoñer dun perfil optimizado na rede social profesional LinkedIn. Establecerase unha estratexia e elaborarase un perfil personalizado en función dos obxectivos profesionais de cada asistente. Farase unha revisión e optimización entre pares e unha revisión final individual.

- Do 14 ao 21 de maio
- Xoves, de 16.00 a 20.00 h (8 horas)

Información

Campus de Pontevedra
Sección de Extensión Universitaria
Tel. +34 986 801 949
edestrezas@uvigo.es

Inscrición
culturxest.uvigo.es